

## PARA TODOS LOS PÚBLICOS

Montse García / montse.garcia@lavoz.es

## A escena

## Tres días de adulterio e crime no Principal con «Carpe diem»

O novo espectáculo de Produccións Teatrais Excéntricas, dirixido por Cadaval, estréase mañá

**De mércores a venres** • 20.30 horas • Teatro Principal • 12 euros • «Carpe diem» é unha homenaxe ao cinema, máis ben á fascinación que o cinema bo ou malo exerce sobre a nosa imaxinación». Así explica o director Quico Cadaval o novo espectáculo da compañía Produccións Teatrais Excéntricas, que mañá mércores se estrea no Teatro Principal de Santiago, onde tamén habrá funcións o xoves e o venres, todas elas a partir das 20.30 horas.

Unha nova montaxe coa que a compañía celebra o seu décimo quinto aniversario, e para iso escolleu un conto de

Rubem Fonseca. «Debiálla, é un dos meus autores de cabeceras», relata Cadaval, á vez que explica que o espectáculo se articula sobre o adulterio e o crimen, «ambas belas artes». Un home e unha muller coñécese nunha festa e comezan unha relación ilícita, xa que os dous son casados. Ese é o punto de partida desta primeira montaxe en Galicia dunha obra do escritor e cineasta brasileiro.

En «Carpe diem» mestúranse teatro, narración, música, conto e tamén elementos cinematográficos, con imágenes míticas da historia do cine. Os protagonistas serán María Costas, Marcos Vilátez e Víctor Mosquera, ademais de Mon Orencio, Mr. Coo, que porá en directo ritmos de samba, jazz e bossa nova coa súa guitarra e trompeta, con algunos dos temas creados específicamente pa-



Membros de Produccións Excéntricas, xunto a María Rozas e Jacobo Sutil. XOÁN A. SOLER

ra esta peza. Os actores María Costas e Víctor Mosquera destacaron durante a presentación que se trata dunha proposta «muy divertida».

O día da estrea, mañá mércores, ao remate da representación, haberá unha sesión de posfunción, onde persoas relacionadas coas temáticas tratadas na peza ofrecerán o punto de vista práctico, o que querer dír a obra. Tras iso, o debate abriráse ao público e ao elenco artístico.

O espectáculo teatral forma parte da programación escénica do Concello de Santiago e está incluído no circuito da Rede Galega de Teatros e Auditórios da Agadic. O director desta entidade da Xunta, Jacobo Sutil, salientou que esta proposta «é algo diferente ao habitual de Excéntricas, puesto que se trata dunha trama policial». Ademais, fixo fincapé no acento que supón ao ámbito lusófono e á introducción da música en di-

recto nesta peza a cargo «dun dos directores más talentosos de Galicia». «Carpe diem» contou tamén co apoio económico da Xunta a través das axudas á producción escénica. Pola súa parte, a tenente alcalde de Santiago, María Rozas, incidiu na presenza de «actores de primeiro nivel». Despois da súa estrea en Santiago, «Carpe diem» xa ten previstas funcións na Pobra do Caramiñal, Ourense, A Illa de Arousa e Sada.

## Otros actos hoy

## MÚSICA

«O manuscrito Guerra» • 20.30 horas • Perumito da Universidade • La colección conservada en la USC protagoniza el concierto de la mezzosoprano Lidia Vinyes-Curtis y Manuel Vilas (arpa barroca).

## RECITAL

«Mulheres gallegas» • 20.00 horas • Rúa da Espieira, 10-Bajo • Recital de poetas para honrar la memoria de las mujeres gallegas organizado por el Colegio de Psicología de Galicia. Participarán Iolanda Aldrei, Marilar Aleixandre, Belém de Andrade, Cruz Martínez, Verónica Martínez, Teresa Moure, Irene Quinteiro y Concha Rousa. Clara Pino estará en el arpa.

## PUBLICACIÓN

«Os danzantes dos Reis» • 20.00 horas • CGAC • Presentación del libro del fotógrafo Eutropio Rodríguez.

## CINE

«Quelques heures de printemps» • 20.00 horas • Sede Afundación (Rúa do Vilar, 19) • Ciclo de cine francés.

**ENTROIDO OROSO 2019**

**Concurso de receitas de Entroido**  
En galego sobre miel

**Concurso de máscaras**  
Festival do CRA  
Venres 1 de marzo no centro cultural.

**Concerto combos ESMU**  
Venres 1 de marzo as 20h no centro cultural.

**Carnival Camp**  
Luns 4 de marzo e mércores 6 de marzo

**Obradoiro de cupcakes**  
Luns 4 de marzo. Inscrición previa no centro cultural.

**Festa de disfraces**  
Luns 4 de marzo as 19h no centro cultural ou corposo DISCOMOBIL. Inscrición de máquillaxe

**Obradoiro de rosquillas de Entroido**  
Mércores 5 de marzo no centro cultural.  
Turno de 10 a 11.30h. Turno de 11.30 a 13h.  
Inscrición previa no centro cultural.

## ORGANIZA:



## COLABORADORES:



**CONCURSO de DISFRACES**  
Sábado 2 de marzo.

